

ECONOMÍA DA EMPRESA CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Pregunta 1

Valorarase 0,25 puntos pola correcta definición do concepto e 0,5 puntos pola fórmula de cálculo e 0,25 pola utilidade da ferramenta. Ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva, á utilización axeitada dos conceptos fundamentais e á presentación dun esquema resumo da resposta.

Pregunta 2

Identificación dos estados contabeis: 0,25 puntos. Se sumarán 0,25 puntos por cada definición correcta da información que contén cada Estado Contable. A valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

Pregunta 3

Valorarase 0,5 puntos pola resposta correcta, e 0,5 puntos pola resposta razoada á pregunta. Ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva, á utilización axeitada dos conceptos fundamentais e á presentación dun esquema resumo da resposta.

Preguntas 4, 5 e 6 (criterios xerais)

Na valoración de cada un dos apartados dos casos prácticos nos que se pida efectuar cálculo numérico, terase en conta non só o resultado numérico concreto senón tamén a corrección (coherencia) na exposición e a formulación correcta da expresión que permita a realización do cálculo. Non se valorarán resultados finais correctos que non veñan acompañados dos cálculos necesarios para obter ditos resultados. Descontarase un 25 % do valor de cada apartado se hai erros de cálculo.

No caso de que o resultado dun apartado sexa un dato a utilizar en cálculos de apartados posteriores, valorarase independentemente cada un dos apartados, de tal xeito que, se está ben formulado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos incorrectos que se arrastren de apartados anteriores.

Nos casos nos que se requira interpretación do resultado, ademais de considerar a medida en que se axusta a resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

Ademais de aplicarse estos criterios xerais, aplícaranse criterios específicos nas seguintes preguntas:

Pregunta 5. (criterios específicos)

Os apartados deste problema non admiten calificacións intermedias (salvo os erros puramente aritméticos que serán penalizables).

Pregunta 6 (criterios específicos)

a) Presentación do balance distinguindo activo non corrente, activo corrente, pasivo corrente, pasivo non corrente e fondos propios (0,75 pts.). Cada un dos elementos que se sitúe incorrectamente penalízase con -0,25 pts. Cálculo da cifra de provedores: 0,25 pts.

b) Cálculo do fondo de manobra: 0,75 pts., interpretación do equilibrio financeiro (0,25 pts.).